

PROGRAMACIÓN AULA CEMIT – SETEMBRO 2019

CURSOS MIXTOS: PAIS/NAIS E FILLOS/AS

Nova sección coa que queremos xuntar a pais e nais cos seus fillos e fillas. Neste caso concreto é un requisito fundamental que se apunte o adulto, non o menor. No caso de ser máis de dúas persoas (varios fillos/as ou pai e nai) debedes avisarnos por correo electrónico para poder adaptar o espazo da aula ás necesidades.

Scratch en familia!

Luns 9 de setembro, de 9:30 a 13:30 horas

Scratch é unha linguaxe de programación por bloques moi visual e adecuada para que os rapaces e rapazas comencen a usar a lóxica da Informática na programación, dando pe a que logo afonden na robótica educativa e outras ramas máis avanzadas.

Hoxe en día é moi habitual que proben con esta linguaxe no Instituto, pero nós cremos que pode ser unha escusa perfecta para que pais, nais, fillos e fillas pasen un anaco do seu tempo aprendendo xuntos diante do ordenador.

CURSOS PARA ADULTOS

Nesta sección tedes os curso adicados ós adultos:

Crea a túa páxina web persoal!

Mércores e venres, de 10:30 a 12:30 horas, dende o 18 ata o 25 de setembro
Neste curso aprenderemos a base na creación de páxinas webs, a diferenza entre estas e un blog e practicaremos creando unha primeira páxina sen ter que programar nada. Para iso empregaremos o servizo gratuíto Google Sites.

CICLO DE INTRODUCCIÓN Á INFORMÁTICA

Ciclo de cursos adicados ós maiores ou persoas alleas á Informática.

Aprenderemos dende o máis básico no uso dun ordenador para logo afondar na Internet e mesmo nas redes sociais.

Iniciación á Informática

Martes e xoves, de 10:30 a 12:30, dende o 17 ata o 26 de setembro.

Curso de iniciación centrado en aprender a base da Informática: manexo de rato e teclado, Sistema Operativo e a súa interface, xestión de arquivos no noso ordenador ou memoria USB...

A comezos de setembro anunciaremos novos cursos de este ciclo: Iniciación a Internet e Iniciación ás redes sociais.

CICLO DE OFIMÁTICA

Ciclo de cursos centrados na introdución da Ofimática, aprendendo dende o máis básico ata un nivel medio tanto en procesador de textos coma en follas de cálculo e presentacións.

Procesador de textos LibreOffice Writer I

Luns e mércores, de 18:00 a 20:00 horas, dende o 16 ata o 25 de setembro. Introducción ao uso do procesador de textos LibreOffice Writer, indicado para os que non están acostumados a usalo no seu día a día ou para os que desexen repasar cousas básicas: formateado avanzado de carácter, parágrafo e páxina, inserción e formateado de imaxes e formas...

Procesador de textos LibreOffice Writer II

Luns e mércores, de 18:00 a 20:00 horas, dende o 30 de setembro ata o 9 de outubro. Curso no que nos adentramos nas funcións algo máis avanzadas pero moi útiles no uso do procesador de textos: campos automáticos, táboas, números de páxina, asistente de correspondencia...

A comezos de setembro anunciaremos novos cursos de este ciclo: LibreOffice Calc I e II.

CURSOS PARA MENORES

Lembrede que para apuntar aos menores de idade en calquera destes cursos será preciso que previamente estean rexistrados nunha aula CeMIT. Poderá facelo pasando pola nosa Aula, en horario de aula aberta, ou a través da páxina web do CeMIT de Ames.

Procesador de textos para estudantes

Martes e xoves, de 18:15 a 19:45 horas, dende o 17 ata o 26 de setembro.

Curso moi indicado para nenos entre 10 e 14 anos no que se familiarizarán co manexo dun procesador de textos libre coma LibreOffice Writer ou unha solución na nube coma Documentos de Google. Non só nos centraremos no formato máis básico senón que veremos todas as cousas que precisarán ó longo da secundaria para facer traballos por escrito dende o ordenador.

EXAMES EMA

Os exames EMA son un tipo de exame presencial necesario para acadar o diploma en determinados cursos de teleformación do **Espazo Multimedia de Aprendizaxe** do CeMIT. Olo, é moi importante non confundir estes exames cos do CODIX

Exame setembro: venres 13 de setembro, de 12:00 a 13:00 horas.

RESERVA DE PRAZA

Para máis información ou reservar unha praza en calquera de estas actividades podes:

- Acceder a nosa web do CeMIT: <https://cemit.xunta.gal/gl/centro/9>
- Pasar pola nosa aula en horario de aula aberta (cando non hai cursos) no **primeiro andar da Casa da Cultura de Bertamiráns**.
- Chamar por teléfono ó **682 373 753**.
- Enviar un correo electrónico a esta mesma dirección: **cemit.ames@xunta.gal**

REDES SOCIAIS

Podes seguirmos nas nosas redes sociais para coñecer a última hora na nosa aula e estar sempre informado das nosas actividades:

- [Facebook](#)
- [Instagram](#)